

# SEITURA



Coop de Curtis 2018/2019



## ÍNDICE

1.- LIMIAR .....	Páx. 1
2.- A NOSA BIBLIOTECA .....	Páxs. 2-3
3.- O SAMAIN E O MAGOSTO .....	Páxs. 4-5
4.- O NADAL .....	Páxs. 6-7
5.- DÍA DA CONSTITUCIÓN / DÍA DA PAZ .....	Páx. 8
6.- A NOSA RADIO .....	Páxs. 9-10
7.- O ENTROIDO .....	Páxs.11-12
8.- DÍA DA MULLER TRABALLADORA .....	Páx. 13
9.- DÍA DO LIBRO .....	Páxs. 14-15
10.- LETRAS GALEGAS 2019.....	Páxs. 16-17
11.- COMUNICANDO EN INGLÉS .....	Páxs. 18-19
12.- A CONVIVENCIA NA EDUCACIÓN FÍSICA .....	Páxs. 20-21
13.- SAÍDAS RELACIONADAS CO PROXECTO .....	Páxs. 22-23
14.- PASATEMPOS MUSICAIS .....	Páxs. 24-25



# SEITURA



## LIMIAR

Comunicándonos día a día melloramos a nosa convivencia. Comunicamos de moitas formas: cun sorriso, cun xesto, cun saúdo, co respecto ós demais... E, moi especialmente, coas palabras. As palabras que dicimos, as que escoitamos, as que lemos e as que nos fan sentir tantas emocións .. a través de tantas formas como: no contacto cos demais, nos símbolos da nosa contorna ou a través dos medios de comunicación.

Este curso 2018-19, desde o proxecto integrado que parte da biblioteca, OS MEDIOS DE COMUNICACIÓN E A CONVIVENCIA propuxémonos ter en conta cómo a comunicación inflúe na nosa convivencia e o impacto que teñen nos nosos hábitos de vida os medios de comunicación. Así o reflexamos a través de distintas actividades levadas a cabo en tódolos cursos, especialidades e áreas das etapas de infantil e primaria do noso colexio ó tempo que ambientamos todos os espazos de aprendizaxe do noso centro acorde con toda esta temática.

Así, entre outras moitas actividades das que vos damos conta nesta revista, puxemos en marcha a apertura da nosa radio escolar, Radiola, botámonos a compoñer en verso un sinfín de pareados, planificamos entrevistas a moitos traballadores e representantes de empresas e institucións da zona, realizamos o noso propio telexornal Infantil, visitamos exposicións sobre medios de comunicación, coñecemos as instalacións de La Voz de Galicia e da TVG, observando a emisión dun programa, asistimos ao Parlamento, comunicámonos a través de e-mails con outras persoas e tamén convivimos con alumnos doutro colexio nunha xornada de viaxe, e puxemos en marcha un programa de habilidades sociais, así como xornadas de portas abertas e celebramos a semana das Letras Galegas adicada a Antonio Fraguas.

Nas seguintes páxinas lembraremos mais detalles.... Só queda agardar que a seitura deste curso nos permitira aprender a convivir e comunicar mellor.



Este curso dende a Biblioteca continuamos a nosa andaina propoñendo para o curso 2018/2019 o proxecto integrado titulado “**OS MEDIOS DE COMUNICACIÓN E A CONVIVENCIA**”no que participou todo o colexio. Presentámolo o 24 de outubro, coincidindo co día das bibliotecas escolares. E todas as actividades que propuxemos no noso centro xiraron en torno a este tema, as distintas conmemoracións, as saídas, os festivais ... Ademais, este ano, dende a biblioteca puxemos en marcha unha emisora de radio escolar chamada **RADIO RADIOLA**, “A radio que máis mola, a radio da nosa escola”.






# SEITURA



*A nosa biblioteca  
Espazo aberto, activo e inclusivo*



# SEITURA



## O SAMAÍN

Este ano como traballamos o proxecto de “Os medios de comunicación e a convivencia” decoramos cabazas relacionadas con este tema e fixemos unha pequena exposición.



Os máis pequenos e as profes vestíronse para a ocasión.



Na Biblioteca contamos contos terroríficos e as porfes de Infantil fixeron unha apócea máxica.







## O MAGOSTO



Como todos os anos cando chega o outono, celebramos o Magosto. Comemos castañas, bebimos refrescos e bailamos un montón.

Tamén fixemos distintos xogos como pescar castañas, bailes, carreiras con culleres, photocall con adornos do outono, pinchamos globos con ourizos e por último queimámoslos medos!!



Foi unha xornada na que pasámolo moi ben!!



## Nadal

Facendo publicidade, teatro ou musical  
as nenas e nenos de Curtis  
desexamos Bo Nadal!



Nenas e nenos de Educación Infantil interpretaron o anuncio das Bonecas de Famosa e cantaron unha panxoliña.



Obra de teatro a cargo das nenas e  
nenos de 1º .



Os de 2º deleitáronnos cun  
poema e unha panxoliña.



# SEITURA



As nenas e nenos de 3º coas súas panderetas na man, fixeron un Cantar de Reis, para desexar Bo Nadal!!

Ademais de cantarnos unha canción os rapaces e rapazas de 4º non se esqueceron da Lotaría de Nadal.



E como non podían faltar, os de 5º levaron os medios de comunicación ata o escenario.

Got Talent en Curtis  
O dos nenos e nenas de 6º si que é talento!.





## DÍA DA CONSTITUCIÓN ESPAÑOLA

O día 6 de decembro celebramos o día da Constitución Española.

Este importante documento para a nosa convivencia cumpría 40 anos .

Celebrámolo decorando as velas da torta. Ademais como en toda celebración disfrutamos dun anaco de biscoito no recreo.



## DÍA DA PAZ

Outro día importante para traballar a convivencia é o Día da Paz, celebrámolo o día 30 de xaneiro.

Fixemos un mural para o que decoramos pombas con mensaxes e lemas de paz.

Ademais cantamos a canción “Eu teño alguén no meu corazón” do grupo María Fumaça.





# SEITURA



## A NOSA RADIO ...RADIOLA

Ola compañeir@s! Este ano no CEIP de Curtis estreamos a nosa emisora de radio, pois concedéronnos o programa da radio na Biblio.

Para comezar con este proxecto radiofónico, os alumn@s e os mestres fixeron un obradoiro de radio, dirixido por dúas persoas entendidas no tema. Neste obradoiro fixéronse exercicios de modulación de voz para falar diante do micrófono, presentación, pequenos recitais e ata se cantaron cancións.



Chegou o momento de buscar o nome para o nosa radio e despois de moitas suxerencias decidiuse que se ía chamar RADIOLA, a radio que máis mola, a radio da nosa escola !!!

E que logo representará a radio RADIOLA ???

Os alumn@s de todo o cole fixeron os seus logos, individualmente e en grupo, e saíu gañador este :



Trátase dunha radio decorada con papel de xornal e nela hai un resplandor do que sae a cabeza de Raiola, a mascota da nosa Biblioteca, e o nome da radio: RADIOLA .

E agora xa temos lugar, nome e logo da radio e podemos pasar  
A FACER RADIO - DISFRUTANDO.

# SEITURA



A porta da radiola ábrese cada venres para facer as nosas emisións. Cada nivel prepara un faladoiro, un debate, unha entrevista, un recital, obra teatral...Todas elas modalidades nas que se traballan as distintas competencias. Comezaron os alumn@s de 5º de Primaria coa sesión inaugural recitando poesías sobre a radio, porque A RADIO É POESÍA.



Os alumnos de 4º de Primaria participan nun faladoiro sobre a feira de 1900 en Curtis.



Os nosos alumnos de 6º falan sobre a ferverza da Rexedreira, situada nos arredores de Curtis.



Os alumnos de 3º están feitos uns auténticos locutores !!



Os nen@s de Infantil , 1º e 2º levan a poesía e o teatro á radio .





# SEITURA



## TEMPO DE ENTROIDO!!

Cumplindo coa nosa cita anual, participamos na celebración do Entroido.

Comezamos cos mandados do MECO que apareceu disfrazado de carteiro xa que este ano estamos a traballar o proxecto dos “Medios de Comunicación e a Convivencia”.

Como somos moi obedientes fumos cumprindo con todo o que el nos dicía ao longo dos días e ao chegar o venres disfrutamos xuntos desta festa; por iso viñemos disfrazados de emoticonos, de teléfonos móbiles, de cartas ou das pantallas que lucimos desfilando polas rúas da contorna.







Pero é que ademais coñecemos as distintas tradicións do Entroido galego como as Máscaras de Manzaneda, Xenerais do Ulla, os Volantes de Chantada, Boteiros de Viana do Bolo, o Ciarrón de Verín, Choqueiros... e ata o Loro Ravachol, de Pontevedra.

Pasámolo xenial e aprendimos unha morea de cousas, se non o credes botádelle un ollo ás fotos e o comprobaredes!






# SEITURA







## Día da Muller 8 de marzo de 2019



Este ano, igual que en anos anteriores, celebramos o *Día da Muller*.

Para elo, elaboramos un xornal no que aparecen distintas mulleres que, dun xeito ou doutro, cambiaron a situación de todas nós.

Os/as nenos/as de E. Infantil traballaron con Maruxa Mallo, os/as de 1º e 2º con María Pita, os/as de 3º e 4º con Emilia Pardo Bazán e os/as de 5º e 6º con Concepción Arenal.

Todas elas son para as mulleres galegas signos de evolución e recoñecemento do noso xénero.

# SEITURA



## A SEMANA DO LIBRO


O 23 de abril é o **Día Mundial do Libro** e no noso colexio celebrámolo durante unha semana enteira, para así render unha homenaxe aos libros e aos seus autores, motivando a todos e todas a descubrir o pracer da lectura e a súa importancia no noso día a día.

Foron os alumnos e alumnas de **4º, 5º e 6º** os que inauguraron este evento cultural na biblioteca, compartindo as lecturas que eles mesmos escolleron.



Nenos e nenas de 4º lendo o conto: "O avó".

Alumnado de 5º lendo poesía e representando "La princesa y el guisante".



Por último, os de 6º contáronnos as novas máis importantes do día.



A seguinte sesión correu a cargo dos nenos e nenas dos **tres primeiros cursos** de Educación Primaria, que nos demostraron as súas habilidades lectoras. Canto nos gustou escoitalos!



# SEITURA




Nenos e nenas de 1º e 2º lendo: “A toupíña que quería saber quen lle fixera aquilo na cabeza”.

Alumn@s de 3º representando: “A que sabe a Lúa?”



Esta semana chega á súa fin, e foron **os máis pequenos** do cole os que nos demostraron todo o que podemos aprender cos libros.



3 e 4 anos co seu poema: “A primavera”



Nenos e nenas de 5 anos interpretando: “A que sabe a lúa?”

E como non podía ser doutro xeito, esta celebración tamén tivo un oco na nosa **radio Radiola**, e foron os reporteir@s de 4º E.P. os que nos contaron que a través dos libros podemos viaxar a outros mundos e lugares, transportarnos ao pasado, ao futuro e vivir miles de aventuras. **LIBRO EN MAN, IMAXINACIÓN A VOAR!**





## LETRAS GALEGAS 2019

Celebramos a semana das **LETRAS GALEGAS** por todo o alto, lembrando a figura de **ANTONIO FRAGUAS**.


Disfrutamos dunha semana chea de emocións, organizando unha serie de actividades, todas elas co obxectivo de poñer en valor a lingua e a cultura galega.



O luns 13 de maio, visitounos **Paco Nogueiras** e presentounos o seu espectáculo “**RADIO BULEBULE**”. Bailamos e cantamos, para festexalo.



O martes 14 de maio, en Teixeiro, a **compañía de teatro Malasombra**, ofrecenos o musical “**OS ROCKENSTEIN**”. Divertímonos moitísimo.





# SEITURA



O mércores 15 de maio, asistimos a representación teatral da obra “ **O CONXURO DAS LETRAS**” ofrecida pola **Agrupación Teatral “OS CAXIGOS”**, no salón de actos da Casa da Cultura de Curtis. Gustounos moito e pasámolo moi ben.



O xoves xa para rematar a semana ,organizamos uns **xogos de convivencia** para todos os alumnos/as do noso colexio. Resultaron moi ben.





# SEITURA




## COMUNICANDO EN INGLÉS

### Music on the radio

We buy stamps



We put our letters and postcards in the mailbox



We sing a carol to our classmates



We write letters and postcards



We are postmen and postwomen for a day





# SEITURA








We interview our classmates and teachers



We edit magazines



We record documentaries about famous people and places of interest



We record TV commercials





## A CONVIVENCIA NA EDUCACIÓN FÍSICA

Ningunha área é millor que a educación física para favorecer a comunicación e a convivencia.

Cando xogamos, cando facemos deporte comúncámonos e non só coa palabra, tamén co corpo, cos xestos etc...



Cando xogamos e facemos deporte tamén convivimos, porque hai que aceptar non só o que facemos nós, senón tamén o que fan os demais.

É moi importantetante saber ganar e perder.  
Con iso tamén melloramos a convivencia.



# SEITURA



Comunicámonos e convivimos respectando e cumprindo as normas e regras dos xogos e deportes



Unha das mellores maneiras de aprender a comunicarnos e convivir, é divertíndonos e pasándoo ben.



# SEITURA



**APRENDEMOS NOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN.** Neste curso tivemos a oportunidade de visitar dous medios de comunicación: **O XORNAL E A TELEVISIÓN.**



Pero ademais poidemos coñecer as instalacións e funcionamento do **PARLAMENTO GALEGO** e a **XUNTA DE GALICIA**, órganos fundamentais da nosa comunidade autónoma , que deben supoñer un exemplo de convivencia para tod@s.



Ademais , os nenos de Infantil, 1º, 2º e 3º de Primaria acudiron a unha exposición de medios de comunicación e transporte dos anos 80. Tiveron ocasión de comparar cos actuais, as diferencias son importantes, verdade?





# SEITURA



Ademais de realizar visitas relacionadas co proxecto, aproveitamos para levar a cabo **outras** do noso interese, como o Museo de Historia Natural de Santiago, a exposición FP INNOVA, Museo do Panteón de Galegos ilustres, Teatro en inglés en Cesuras



Ao longo das últimas semanas, levaranse a cabo saídas das que non temos fotografías, porque esta revista será impresa antes de tales citas. Os nenos de 5º e 6º de Primaria irán a Portugal os días 12, 13 e 14 de xuño. Por outra parte, realizaremos a segunda andaina do 5 de xuño, Día Mundial do Medio Ambiente. Ademais, Infantil, 1º, 2º e 3º de Primaria irán á Coruña o 14 de xuño a un taller dun Museo de Arte.

Todas estas saídas son fundamentais, non só na aprendizaxe de contidos, senón tamén de vivencia de experiencias e convivencia cos iguais. Agardamos que todos os nenos disfrutasen moito nelas.



**EXCURSIÓN A ASTURIAS, XUÑO 2018**






## PASATEMPOS MUSICAIS

Durante as vacacións teredes moito tempo libre para xogar, ver as vosas películas favoritas, ir á praia, á piscina, ao parque... e tamén para entretervos facendo pasatempos musicais.

Busca as seguintes palabras na sopa de letras: fruta, clarinete, saxofón, trombón, trompeta, tuba, caixa chinesa, triángulo, pandeiro e pandeireta.



Podes axudar ao contrabaixo a atopar o camiño correcto que chega ao violín? Así poderán ir xunto o violonchelo e a viola para dar un concerto de cordas.






# SEITURA



Une os seguintes números e atoparás un instrumento musical.



Descubre o texto oculto escribindo o nome de cada nota musical.



Cando po mañá sae o   
voume andan ata a praia.  
Poño a miña ca seta collo a  
barca e mo, cando estou canso  
paro de mar e quedo en   
deita sobre a area, para  
escoitar a mú ca mariña.

"Esta etapa foi moi bonita, coñecín aos meus mellores amigos."

LUCAS

"Ainda lembro cando ía con Esther e Mª José en infantil, pero vas medrando e pasa o tempo e cando te decatas xa tes que deixar unha etapa e comezar outra"

PAULA

"Nunca vos limitedes a seguir cos vosos soños; cada etapa é un misterio por descubrir"

NOA

"Chegou o día! É un gran paso para nós"

AITOR

"Alédome de dar o paso a secundaria e coñecer máis xente"

GABRIEL



"Desde o primeiro momento en que conectei esta etapa, souben que ía ser unha viaxe única e inesquecible"

NICOLAS

"Estou moi segura dunha cousa, que aínda que feñas amigos lonxe, se os queres vante acompañar sempre"

TERESA

"Paséi momentos moi divertidos e outros un pouco máis duros, pero todos únicos"

LUCIA

"O que máis me gustou do colexio foi cando fomos de excursión, andámas ou ir ver unha obra de teatro"

MARTINA

"En 1º e 2º aprendín a confiar sen medo. En 3º e 4º a convivir. En 5º a respetar. En 6º a confiar en min mesma."

MARIA

YouTube